



Teléfono: 981- 51 30 52  
Fax: 981- 51 30 00  
correo@boqueixon.dicoruna.es  
C.I.F.: P-1501200-H

CONCELLO DE BOQUEIXÓN  
Forte s/n  
15881 Boqueixón (A Coruña)

## Servizo de Contratación

### Resolución da alcaldía

#### Adxudicación do contrato da obra denominada "Camiño cruce da Frenza a Carballeira e outros "

Na Xunta de Goberno realizada o día 3 de abril de 2014, acordouse iniciar os trámites para a contratación da obra denominada "Camiño cruce da Frenza a Carballeira e outros" por importe de 64.071,92 euros

Na Xunta de Goberno do día 8 de maio clasificáronse as ofertas presentadas tal e como se reflicte a continuación:

Empresas	A	B	C	D	Valoración oferta	Puntuación Total
Excav. Const. Hnos. Couto Fandiño, SL	10	6	4.50	10	0.29	30.79
Excavac. José Varela Iglesias, SL	10	6	3	10	0.00	29.00
Obras y Viales de Galicia,SL	10	6	3	10	0.00	29.00

Con data 13 de maio solicitouse a Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL que presentara os xustificantes de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o aval correspondente e o certificado de contar cos medios materiais e persoais necesarios para a execución do contrato. A empresa presentou a documentación o día 20 de maio de 2014.

Tendo en conta a lei de contratos do sector público modificada pola Lei 34/2010 de 5 de agosto segundo a que, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos 5 días hábiles seguintes á recepción da documentación, e neste caso urxe a contratación debido a que a obra debe

estar rematada antes do 30 de xuño que é a data tope para xustificar a axuda concedida, polo tanto Resolvo:

1 Avocar, por razóns técnicas, a adxudicación do contrato da obra que se ten que realizar, segundo o estipula o art. 14 da Lei 30/92 modificada pola Lei 4/1999 de procedemento administrativo común.

2 Adxudicar o contrato da obra denominada "Camiño cruce da Frenza a Carballeira e outros" á empresa Excavaciones Construcciones Hnos. Couto Fandiño, SL por importe de 64.009,00 euros.

3 O prazo máximo para xustificar a realización das obras remata en xuño, tendo en conta que o día 30 ten que estar enviada a documentación xustificativa da realización da obra para o AGADER

4 Notificar esta resolución ó adxudicatario e ós demais licitadores

Boqueixón, 20 de maio de 2014.

